



Reunidos na Casa do Concello, o día 15 de xaneiro de 2015 ás 14,00 horas, constitúese a Mesa de Contratación para a adxudicación do servizo de limpeza de interiores, escolas de primaria e edificios municipais, formada por D. José M. Blanco Suárez (Alcalde da Corporación) que actúa como Presidente, D. Alfonso de Prado Fernández-Canteli (Secretario da Corporación), Dña. M. Pilar Canzobre Méndez (Interventora da Corporación) e D. José Iban Santalla Borreiros (concelleiro delegado para asuntos de servizos), que actúan como Vogais, e por último D. Ignacio Mazaira Garro, que realizará as funcións de Secretario da Mesa.

Reunida a Mesa o único punto da orde do día "Avaliación da oferta técnica de Ferrovial Servizos SA. En cumprimento da resolución do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais".

Lídas as resolucións emitidas polo Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais, sobre os recursos interpostos polas mercantís Star Servicios S.L. e Ferrovial Servicios S.A., contra o acordo de exclusión destas empresas do proceso de licitación do contrato de limpeza de interiores, escolas de primaria e edificios municipais e en cumprimento das mesmas, admite a oferta presentada por Ferrovial Servicios S.A., outorgándolle os 27 puntos nos que o técnico municipal valora a ofertas presentada.

Co obxecto de continuar cos trámites legalmente establecidos, esta Mesa autoconvócase para o día 19 ás 13,30 horas, para proceder á apertura da oferta económica presentada pola mercantil FERROVIAL SERVICIOS S.A.

CONCELLO DE NARÓN



Non tendo máis asuntos que tratar, o Presidente dá por rematadaada a reunión ás 13 horas 55 minutos. E para que quede constancia do tratado, eu, o Secretario, redacto Acta que someto á sinatura do Presidente e Vogais; dou fe.

En Narón, a 15 de Xaneiro de 2016.

A Mesa de Contratación,

Asdo.: José M. Blanco Suárez

Asdo.: Alfonso de Prado Fernández-Canteli

Asdo.: M. Pilar Canzobre Méndez

Asdo.: José Iban Santalla Borreiros

Asdo.: Ignacio Mazaira Garro